

RESOLUCIÓN do 7 de decembro de 2022, pola que se convoca o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de acceso libre, as prazas de persoal laboral fixo do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (en diante CISUG) do marco de estabilización de emprego temporal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 20/2021 de 28 de decembro, introduciu unha serie de medidas urxentes coa finalidade de reducir a temporalidade no emprego público, co obxectivo de reforzar o carácter temporal da figura do persoal interino, aclarar os procedementos de acceso á condición de persoal interino, obxectivar as causas de cesamento deste persoal e implementar un réxime de responsabilidades disuasorio de futuros incumprimentos.

Precisamente no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que contempla, entre outras actuacións relativas á modernización das Administracións Públicas, a reforma referida á redución da temporalidade no emprego público, dando así cumprimento ao compromiso suscrito coa Comisión Europea de aprobar, no ámbito do emprego público, as reformas estruturais necesarias na planificación da xestión dos recursos humanos que permita garantir a prestación duns servizos públicos de calidade.

A tal fin foi aprobada a Lei 20/2021, do 28 de decembro e a conseguinte resolución da Secretaría de Estado de Función Pública coas orientacións básicas para levar a cabo a definición e aprobación das Ofertas de Emprego Público destinadas á estabilización do emprego temporal de cada administración pública.

Coa finalidade de facilitar o desenvolvemento homoxéneo das futuras convocatorias de estabilización para o acceso aos diferentes corpos e escalas de persoal funcionario de carreira á condición de persoal laboral fixo, en aplicación das previsións contidas no artigo 2, a Secretaría de Estado de Función Pública, emitiu a resolución con data 14 de novembro de 2022, as orientacións referidas á execución dos procesos de estabilización de emprego temporal derivados da lei 20/2021, do 28 de decembro.

Nelas establece que a valoración dos servizos prestados desglosaranse en función do tempo de servizos efectivos prestados na mesma clasificación profesional á que se pretende acceder, no caso do persoal laboral.

En canto ao dereito de acceso en condicións de igualdade aos cargos públicos do artigo 23.2 CE, se trata, tal e como se recolle na sentenza do Tribunal Constitucional do 1 de marzo de 2012 (STC 27/2012, de 1 de marzo) dun dereito de configuración legal «que supón que as normas reguladoras do proceso selectivo han de asegurar aos cidadáns unha situación xurídica de igualdade no acceso a las funciones públicas, coa inmediata interdicción de requisitos de acceso que teña carácter discriminatorio (SSTC 193/1987, de 9 de decembro; 47/1990, do 20 de marzo, o 353/1993, de 29 de novembro), ou de referencias individualizadas (STC 67/1989, de 18 de abril)».

Non obstante, en determinados supostos extraordinarios, tense considerado acorde coa Constitución que, en procesos selectivos de acceso a funcións públicas, se estableza un trato de favor en relación a uns participantes respecto doutros. Esta excepción á regra xeral tense considerado lexítima en supostos verdadeiramente singulares, nos que as especiais circunstancias dunha Administración y el momento concreto en el que se celebraban estas probas, xustificaban a desigualdade de trato entre os participantes, beneficiando a aqueles que xa tiñan prestado no pasado servizos profesionais en situación de interinidade na administración convocante. Estes supostos varían desde la celebración de probas restrinxidas (STC 27/1991, de 14 de febreiro) a probas en las que se primaba de maneira moi notable os servizos prestados na Administración, pero nun e noutro caso, ten existido sempre xustificación de las singulares y excepcionais circunstancias que de maneira expresa se explicaban en cada unha das convocatorias (SSTC 67/1989, do 18 de abril ; 185/1994, de 20 de xuño; 12/1999, de 11 de febreiro ; 83/2000, do 27 de marzo, ou 107/2003, do 2 de xuño).

Ao abeiro da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, artigo 66, e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, con data do 28 de maio de 2018 asinouse un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as tres Universidades do SUG para a creación do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG), xunto cos seus estatutos (publicado por Resolución do 1 de xuño de 2018 non DOG núm. 111 do 12 de xuño).

A sinatura deste convenio, supón segundo a súa cláusula décima, a integración doutras estruturas. En reunión de Xunta de Goberno do CISUG, con data de 22 de setembro de 2020, apróbase, por unanimidade, e coa aprobación do órgano de goberno do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (BUGalicia), a data de efectividade da disolución e integración de BUGalicia por absorción de activos e pasivos no CISUG con data de 1 de novembro de 2020, pasando a ser integrado no novo Consorcio, o cal asume tódolos dereitos e obrigas que ostentaba con anterioridade BUGalicia. Consecuentemente, este feito supuxo a integración do persoal do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia no CISUG, e polo tanto, a integración e subsistencia das prazas existentes, sendo que dúas delas levan ocupadas temporalmente de forma ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016. Polo tanto, cómpre ter en conta a continuidade do persoal entre os dous consorcios.

O Artigo 2, “Denominación, adscrición e domicilio”, dos estatutos do CISUG indica que estará adscrito á Universidade de Santiago de Compostela.

A Xunta de Goberno no uso das atribucións conferidas polo artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro de universidades, así como nos Estatutos do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) e, en execución do previsto no Anexo VIII: Oferta de estabilización extraordinaria do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) da Resolución do 25 de maio de 2022 (DOG do 31 de maio), pola que se publica a oferta de emprego público da Universidade de Santiago de Compostela e os seus entes adscritos para o ano 2022, resolve convocar probas selectivas para cubrir as prazas que se relacionan no anexo, vacantes no seu cadro de persoal laboral, con suxeición ás seguintes:

BASES DA CONVOCATORIA

Todos os actos de relación entre as/os aspirantes e o CISUG derivados desta convocatoria realizaranse exclusivamente por medios electrónicos, ao abeiro do artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

1. NORMAS XERAIS

1.1. Convócanse probas selectivas para cubrir con persoal fixo as prazas vacantes que figuran no Anexo VIII: oferta de estabilización extraordinaria de prazas de persoal de administración e servizos da Resolución do 25 de maio de 2022 (DOG do 31 de maio) pola que se publica a oferta de emprego público da USC e os seus entes adscritos para o ano 2022 e que se relacionan no anexo II da presente convocatoria.

1.2. O sistema de selección será o de concurso.

1.3. A adxudicación da/s praza/s á/ás persoa/s aspirante/s que supere/n o proceso selectivo, efectuarase de acordo coa puntuación total obtida segundo o establecido no anexo I.

1.4. Na realización destas probas selectivas aplicaranse as seguintes normas e os seus desenvolvementos regulamentarios: Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades Real decreto 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público; Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social; Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, os Estatutos do CISUG aprobados polas universidades públicas galegas de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o 28 de maio de 2018 o convenio de colaboración en que se establece a creación do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG), publicado por Resolución do 1 de xuño de 2018 pola que se acorda a publicación do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo, para a constitución do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG); o Convenio colectivo do persoal de aplicación e as bases desta convocatoria.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

2.1. Para ser admitidas á realización das probas selectivas, as persoas aspirantes deberán posuír no día de remate do prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata o momento de formalización do contrato, os seguintes requisitos:

a) Posuír a nacionalidade española ou a dalgún Estado membro da Unión Europea ou país estranxeiro, nos termos previstos no artigo 52.1 da Lei de emprego de Galicia

Quen, non sendo español nin nacional dun Estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ao mercado laboral poderán participar para o acceso unicamente das prazas que se convoquen de persoal laboral.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión da titulación que se recolle no anexo II para cada unha das prazas convocadas. As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou credencial que acredite, de ser o caso, a homologación do título.

d) Non ter sido condenado/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por tráfico de seres humanos.

e) Será requisito indispensable para o ingreso, ter acreditada a aptitude médica para o desempeño. Para estes efectos, a persoa aspirante declara ao facer a solicitude de participación no proceso selectivo, que nesa data posúe a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto e que non padece enfermidade física nin psíquica que lle impida realizar o traballo propio da categoría á que se pretende incorporar.

f) Non estar separado/a de servizo de calquera das administracións públicas en virtude de expediente disciplinario, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio da función pública, ou, no seu caso, non estar sancionado/a, de acordo coa normativa correspondente, coa suspensión do dereito de concorrer a probas selectivas

g) Aboar as taxas, agás o previsto no apartado 3.8.1 desta convocatoria para as persoas con discapacidade, para os membros de familias numerosas e para demandantes de emprego.

3. SOLICITUDES

3.1. O prazo de presentación de solicitudes é de vinte días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

3.2. As persoas que desexen participar nestas probas selectivas deberán formalizar a súa solicitude unicamente por medios electrónicos. Para a presentación de solicitudes empregarase exclusivamente o formulario electrónico xeral (solicitude xenérica) dirixido ao Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) na sede electrónica da USC, á que o CISUG está adscrito, indicando a praza á que se opta.

Acceso ao formulario: <https://sede.usc.es/sede/publica/persoais/rexistroEntrada/acceso.htm>

No momento de formalizar a súa solicitude as persoas aspirantes deberán acompañar a documentación que proceda segundo as bases da convocatoria, incluíndo o xustificante de ter realizado o pagamento das taxas correspondentes.

3.3. Para a presentación de solicitudes, as/os aspirantes deben posuír un destes medios de identificación electrónica válidos: Certificados persoais clase 2CA, certificados incluídos no DNI electrónico ou claves concertadas do sistema CI@ve.

3.4. A solicitude presentárase acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do certificado de coñecemento de lingua galega que corresponda segundo o recollido no anexo II da presente convocatoria. Ás persoas aspirantes que non o acheguen xunto coa súa solicitude e que sexan propostas para a súa contratación, o CISUG realizaráse cunha proba específica, que terá lugar antes de que transcorran dous anos desde a contratación.

As persoas aspirantes que non posúan a nacionalidade española e teñan dereito a participar deberán presentar:

- Fotocopia do documento que acredite a súa nacionalidade e, se é o caso, os documentos que acrediten o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo do nacional doutro Estado co que teñan o dito vínculo.
- Declaración ou promesa da persoa aspirante de que non está separada de dereito do seu cónxuxe e, se é o caso, do feito de que vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.
- As persoas aspirantes que estean exentas de realizar a proba previa de acreditación do coñecemento do castelán, xuntarán para tal efecto fotocopia dos diplomas de español como lingua estranxeira de nivel B2, C1 ou C2 ou equivalente. De non achegar esta certificación, non poderán ser declaradas exentas, e deberán realizar a proba a que se refire a base 6.2.

3.5. A documentación xustificativa dos méritos que se valoran será achegada coa solicitude, e non serán valorados méritos que non se atopen suficientemente acreditados documentalmente nin os presentados fóra do prazo establecido para presentación de solicitudes. A acreditación farase da seguinte maneira:

a) Certificado acreditativo dos servizos prestados, no que conste a categoría e os períodos nos que se prestaron, expedido pola unidade de persoal da Administración pública correspondente. Así mesmo, deberase indicar na epígrafe correspondente da solicitude, se os servizos foron prestados no Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG), na entidade Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia entidade subrogada polo CISUG, ou noutras administracións públicas.

b) Fotocopia dos diplomas dos cursos de formación e cualificación profesional.

3.6. Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de solicitudes.

3.7. En calquera momento, o CISUG poderá requirir das persoas aspirantes, os orixinais ou copias auténticas dos documentos que se correspondan coas simples presentadas.

3.8. As taxas recóllense no anexo II, prazas ofertadas, da presente convocatoria, e corresponden segundo a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. Para realizar o ingreso deberá utilizarse por triplicado o modelo de solicitude que figura como anexo III, indicando no concepto o DNI, ó nome e a praza á que se opta, na conta do CISUG en Abanca: ES51 2080 0388 2231 1000 3054.

En ningún caso a presentación e pagamento na entidade bancaria suporá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude.

3.8.1. De acordo co sinalado no artigo 23.5 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, estarán exentas do pagamento:

Do importe total da taxa:

- As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %.
- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial

Do 50 % do importe da taxa:

- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría xeral.
- As persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, seis meses inmediatamente anteriores á data de publicación da convocatoria das probas selectivas en que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.

3.8.2. As circunstancias de exención e bonificación deberán ser acreditadas, segundo o suposto que corresponda, presentando xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo a seguinte documentación:

- Persoas con discapacidade: certificado do grao discapacidade.

- Familia numerosa xeral ou especial: certificado de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter.

- Demandantes de emprego:

1º Certificación expedida pola oficina de emprego na que conste que a persoa aspirante, na data de presentación de solicitudes, figura como demandante de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data de publicación desta convocatoria.

2º Certificación expedida polo Servizo Público de Emprego na que conste que na data de presentación da solicitude de participación no proceso selectivo non está a percibir prestación ou subsidio por desemprego.

3.8.3. Serán excluídas todas aquelas persoas aspirantes que non aboan as taxas dentro do prazo habilitado para a presentación de solicitudes e non se concederá ningún prazo adicional para o seu aboamento.

3.8.4. Unicamente procederá a devolución das taxas ás persoas aspirantes que sexan excluídas por causas non imputables a elas. Para tal efecto, o reintegro realizarase de oficio, para o que terán que facer constar a entidade bancaria e o seu número de conta no recadro que figura na solicitude. De non figuraren estes datos, entenderase que renuncian á devolución das taxas.

3.9. No formulario de solicitude as/os aspirantes deberán asinar e achegar a declaración responsable que figura no anexo IV, pola cal manifestan estar en posesión dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria e comprométense a achegar a documentación que nela se indica.

3.10. Este procedemento desenvolverase de forma electrónica polo que, se a persoa aspirante desexa recibir avisos das notificacións que o CISUG poña a súa disposición, é imprescindible que indique no formulario, o teléfono e enderezo electrónico válidos.

4. ADMISIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES

4.1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Presidente do CISUG ditará resolución declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas. Nesta resolución, que se publicará no Diario Oficial de Galicia, indicarase o lugar no cal se atopa exposta ao público a listaxe completa de persoas aspirantes admitidas e excluídas, así como as causas que motivaran a exclusión e o prazo para reparalas.

4.2. As persoas aspirantes excluídas ou que non figuren na relación de admitidas, disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución no Diario Oficial de Galicia, para poder emendar os defectos que motivaran a exclusión.

Para emendar a exclusión ou omisión deberá presentarse unha solicitude a través do Rexistro xeral de entrada da Universidade de Santiago de Compostela, á que está adscrito o CISUG, para o que o/a

aspirante deberá empregar os medios de identificación e sinatura que se indican no apartado 3.3 desta convocatoria:

Acceso ao formulario xeral de rexistro:

<https://sede.usc.es/sede/publica/persoais/registroEntrada/acceso.htm>

4.3. As persoas aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídas na relación de persoas admitidas, serán definitivamente excluídas da realización das probas, que se publicará no Diario Oficial de Galicia. Esta resolución esgotará a vía administrativa, e poderase interpor contra ela recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ou recurso potestativo de reposición diante do presidente do CISUG no prazo dun mes, de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4.4. O feito de figurar na listaxe de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión de todos os requisitos esixidos, que terán que acreditarse no seu momento, de acordo co previsto na base 8.

5. TRIBUNAL

5.1. O tribunal cualificador destas probas terá a categoría primeira de conformidade Regulamento de indemnizacións por razón de servizo aprobado en Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela do 29 de decembro de 2020, e demais normativa que resulte de aplicación.

5.2. O procedemento de actuación axustarase en todo momento ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

5.3. Para os efectos de comunicación e demais incidencias, o tribunal terá a súa sede no Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia Edificio Fontán, 1º andar. Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás, s/n.

5.4. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir notificándollo ao Presidente do CISUG, cando concorran neles as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou se realizasen tarefas de preparación de persoas aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O/A presidente/a solicitará dos membros do tribunal declaración escrita expresa de non estar incurso nas circunstancias previstas no dito artigo.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as circunstancias antes citadas.

5.5. Antes do inicio do proceso selectivo, a autoridade convocante publicará no Diario Oficial de Galicia resolución pola que se nomean os novos membros do tribunal que vaian substituír aos que teñan perdida a súa condición por algunha das causas previstas na base 5.4.

5.6. Logo da convocatoria do/a presidente/a constituirase o tribunal de acordo co previsto no artigo 17.1 da Lei 40/2015, coa asistencia tanto presencial como a distancia, da maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes. Na dita sesión, o tribunal acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

5.7. A partir da súa constitución, o tribunal para actuar validamente requirirá a asistencia presencial ou a distancia do presidente/a e secretario/a, e da metade polo menos dos seus membros.

5.8. O órgano convocante, por proposta do tribunal, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas naqueles casos nos que se haxa de valorar coñecementos ou méritos que, pola súa singularidade, requiran dunha valoración específica. Estes asesores emitirán un informe sobre a adecuación dos méritos das persoas aspirantes ás prazas obxecto de convocatoria. Os ditos asesores deberán posuír titulación de igual ou superior nivel ca exixida nesta convocatoria. O seu nomeamento farase público, e seranlles de aplicación as causas de abstención e recusación, ao igual que aos restantes membros do tribunal.

Así mesmo, o tribunal poderá dispor a incorporación con carácter temporal doutros/as funcionarios/as para colaborar no desenvolvemento do proceso selectivo, tal e como se prevé no artigo 12.4 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo.

5.9. En ningún caso o tribunal poderá declarar que superaron as probas selectivas un número superior de persoas aspirantes que prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

Malia o anterior, e co fin de asegurar a cobertura da/s praza/s convocada/s, de se producir a renuncia dunha persoa seleccionada antes da sinatura do contrato, ou cando non acredite os requisitos establecidos na convocatoria, o órgano convocante poderá requirir do tribunal de selección unha relación complementaria das persoas aprobadas que sigan por puntuación a persoa proposta, para a súa posible contratación como persoal laboral fixo.

6. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO

6.1. Para os efectos de cómputo de prazos desta convocatoria, o mes de agosto declárase inhábil.

6.2. Persoas aspirantes con nacionalidade estranxeira.

Con carácter previo á fase de concurso, as persoas aspirantes que non posúan a nacionalidade española deberán acreditar o coñecemento do castelán mediante a realización dunha proba, na que se comprobará que posúen un nivel adecuado de comprensión e expresión oral e escrita nesta lingua.

A orde de actuación de ditas persoas aspirantes iniciárase alfabeticamente pola primeira da letra “T” de conformidade co establecido na resolución do 28 de xaneiro de 2022 da Consellería de Facenda e Administración Pública.

O contido desta proba axustarase ao disposto no artigo 3 do Real decreto 1137/2002, do 31 de outubro polo que se regulan os diplomas de español como lingua estranxeira (DELE), para acreditar o nivel de competencia lingüística do diploma de español correspondente ao nivel intermedio. A proba cualificarase de apto ou non apto e será necesario obter a valoración de apto para pasar a realizar os exercicios da fase de oposición.

Quedan eximidas de realizar esta proba as persoas aspirantes que acrediten conforme se indica na base 3, que están en posesión do diploma de español como lingua estranxeira en algún dos niveis seguintes: nivel B2, C1 ou C2, ou equivalente e as/os nacionais de países cuxo idioma oficial sexa o español.

6.3. As persoas aspirantes serán convocadas para esta proba nun único chamamento, e serán excluídas do proceso selectivo as que non comparezan, agás nos casos de forza maior, debidamente xustificadas e considerados polo tribunal.

As mulleres embarazadas que teñan unha previsión de parto coincidente coas datas de realización de calquera dos exercicios derivada do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal achegando á comunicación, o correspondente informe médico oficial.

A comunicación suporá o consentimento da interesada para permitir o acceso aos datos médicos necesarios relacionados coa situación. O tribunal baseándose na información recibida acordará se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazala ou adoptar ambas medidas conxuntamente. Contra este acordo non cabe recurso, sen prexuízo de que as razóns da impugnación se inclúan noutro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

6.4. O tribunal poderá requirir, en calquera momento do proceso selectivo, a acreditación da identidade das persoas admitidas. Así mesmo, se tivera coñecemento de que algunha das persoas aspirantes non cumpre algún dos requisitos exixidos por esta convocatoria, deberá propoñer a súa exclusión ao Presidente do CISUG, previa audiencia da persoa interesada.

Contra esta exclusión poderase interpor recurso perante a mesma autoridade indicada no parágrafo anterior, no prazo dun mes contado a partir da notificación da exclusión.

7. LISTAXE DE PERSOAS ASPIRANTES QUE SUPERARON O PROCESO SELECTIVO

7.1. Finalizada a valoración dos méritos, o tribunal cualificador fará pública, na páxina Web do CISUG <http://www.cisug.gal/>, e naqueloutros que coide oportunos, a relación de persoas aspirantes coa indicación da puntuación obtida desglosada segundo os apartados establecidos no anexo I.

7.2. A publicación anterior irá acompañada da relación de persoas aspirantes que, segundo a orde de puntuación acadada por cada unha delas fosen seleccionadas e da proposta provisional de persoas seleccionadas segundo o previsto no anexo I.

Os empates nas puntuacións resolveranse a favor da persoa aspirante que obtivese a maior antigüidade de servizos prestados na escala ou categoría profesional obxecto da convocatoria e, de persistir este, pola maior idade da persoa aspirante.

7.3. Contra esta publicación, as/os aspirantes poderán presentar reclamación ante o tribunal no prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación na páxina Web do CISUG <http://www.cisug.gal/>, a través do rexistro de entrada do formulario electrónico xenérico dirixido ao CISUG na sede electrónica da USC <https://sede.usc.es/sede/publica/persoais/registroEntrada/acceso.htm>, para o que o/a aspirante debe empregar os medios de identificación e sinatura que se indicaron no apartado 3.3.

7.4. Rematado o prazo de reclamacións o tribunal publicará a proposta de contratación ou nomeamento a favor da/s persoa/s aspirante/s seleccionada/s, tendo en conta o previsto no apartado 5.9 desta convocatoria. Esta proposta será elevada ao Presidente do CISUG e publicaráse na páxina Web do CISUG <http://www.cisug.gal/>.

8. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACION

8.1. No prazo de vinte (20) días naturais contados a partir do seguinte a aquel en que se faga pública a proposta de definitiva, a/s persoa/s aspirante/s que figure/n nela deberá/n presentar nas oficinas do CISUG (Edificio Fontán, 1º andar. Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás, s/n), orixinais da seguinte documentación para proceder á contratación como persoal laboral fixo:

- a) DNI ou do documento que acredite a súa nacionalidade.
- b) Documento que acredite, de ser o caso, a residencia legal en España.
- c) Titulación exixida na base 2.1.c).
- d) Acreditación, de ser o caso, dos requisitos específicos exixidos.
- e) Certificado acreditativo de lingua galega, de ser o caso, indicado na base 3.4
- f) Diploma de español como lingua estranxeira, de ser o caso, indicado na base 3.5.
- g) Certificado negativo de delitos sexuais para aquelas categorías nas que se exixa.
- h) A acreditación do requisito exixido na base 2.1.e) farase mediante a presentación de certificado médico oficial ou informe de saúde emitido polo Servizo Galego de Saúde (Sergas).

8.2. Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos expresados na base anterior, poderá acreditarse que se reúnen as condicións exixidas na convocatoria mediante calquera medio de proba admitido en dereito.

8.3. Quen dentro do prazo fixado e, salvo caso de forza maior, non presentase a documentación ou do seu exame se deducise que carece dalgún dos requisitos sinalados na base 2, non poderá ser contratado/a como persoal laboral fixo e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrese por falsidade na solicitude inicial.

9. ADXUDICACIÓN DO POSTO DE TRABALLO

9.1. O persoal con discapacidade igual ou superior ao 33 por cento, poderá pedir a adaptación do posto de traballo correspondente. Á solicitude deberá xuntarse un informe expedido polo órgano competente na materia, que acredite a procedencia da adaptación e a compatibilidade co desempeño das funcións que teña atribuídas o posto.

10. CONTRATACIÓN COMO PERSOAL LABORAL FIXO

10.1. Concluído o proceso selectivo, as persoas aspirantes que o superasen procederase, segundo corresponda, a contratación como persoal laboral fixo. A formalización da contratación efectuarase no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no Diario Oficial de Galicia.

10.2. O período de proba para o persoal laboral de novo ingreso será de seis meses cando se acceda as categorías clasificadas nos grupos I e II e de dous meses para o resto. Durante este período o/a traballador/a terá os dereitos e obrigas correspondentes ao posto de traballo que desempeñe, agás os derivados da resolución da relación laboral, que poderá producirse por instancia de calquera das partes durante o seu transcurso. Este período de proba non será aplicable a quen estivese xa con anterioridade desenvolvendo as mesmas funcións no CISUG.

11. NORMA DERRADEIRA

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En Santiago de Compostela,

O Presidente do CISUG

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015)

ANEXO I

O sistema selectivo será o de concurso que constará dos seguintes apartados:

A puntuación máxima do proceso selectivo será de 100 puntos coa distribución que se indica a continuación:

1- Experiencia: ata un máximo de 70 puntos. Valoraranse unicamente os últimos 10 anos de experiencia profesional, contados ata o fin do prazo de solicitudes do seguinte xeito:

- Servizos prestados na categoría ou praza obxecto de convocatoria no Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) ou na entidade Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia entidade subrogada polo CISUG. A puntuación será de 0,60 puntos por mes traballado con vinculación temporal.
- Servizos prestados noutras categorías no Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) ou na entidade Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia actividade entidade subrogada polo CISUG 0,20 puntos por mes traballado con vinculación temporal.
- Experiencia profesional acreditada en calquera outra administración pública diferente do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) na categoría profesional ou categoría profesional equivalente 0,20 puntos por mes traballado con vinculación temporal.

2- Outros Méritos: ata un máximo de 30 puntos.

a) Formación: Valorarase a formación específica relacionada coa categoría obxecto de convocatoria, así como a formación xenérica e transversal relacionada con funcións xerais do seguinte xeito:

Cursos de formación:

- Cursos de aptitude recibidos: 0,12 puntos/hora
- Cursos de asistencia recibidos: 0,06 puntos/hora

Coñecemento de idiomas comunitarios:

O coñecemento de cada lingua oficial na Unión Europea distinta do galego e do castelán valorarase do seguinte xeito:

- C2 5 puntos
- C1 4 puntos
- B2 3 puntos
- B1 2 puntos
- A2 1,5 puntos
- A1 0,5 puntos

Cando existan distintos niveis do mesmo curso, só se valorará o de maior nivel.

Nos cursos nos que figure o número de créditos sen especificar o número de horas, a puntuación farase pola correspondencia de 1 crédito igual a 25 horas segundo se establece no Sistema europeo de transferencia y acumulación de créditos (ECTS).

Nos cursos nos que non figure o número de horas, a puntuación farase polo mínimo de 10 horas.

b) Titulación académica:

Posesión de titulacións académicas de nivel superior á requirida para o acceso á categoría profesional correspondente, só se valorará a de maior nivel do MECES que posúa o aspirante.

- Nivel MECES 4: 8 puntos.
- Nivel MECES 3: 6 puntos.

A cualificación final do concurso virá determinada pola suma aritmética das puntuacións correspondentes aos apartados 1 e 2, na forma establecida neste anexo.

ANEXO II

Prazas de persoal laboral fixo:

Grupo	Categoría	Unidade	Titulación requirida	Taxas	Nivel galego
II	Técnico/a superior diplomado/a en informática	CISUG	Grao, diplomatura, Arquitectura técnica, Enxeñaría técnica ou Equivalente.	38,02 €	Celga 4 ou certificado de aptitude do curso de perfeccionamento de lingua galega ou certificado de validación das materias de lingua galega
II	Xestor/a de documentación	CISUG	Grao, diplomatura, Arquitectura técnica, Enxeñaría técnica ou Equivalente.	38,02 €	Celga 4 ou certificado de aptitude do curso de perfeccionamento de lingua galega ou certificado de validación das materias de lingua galega

ANEXO III. FORMULARIO DE SOLICITUDE (POR TRIPLICADO)

Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG)
SOLICITUDE DE ADMISIÓN PARA O PROCESO DE ESTABILIZACIÓN PARA PERSOAL LABORAL

1 CONVOCATORIA

1. DENOMINACION DA PRAZA CONVOCADA <table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr><td style="width: 50%;">Técnico/a superior diplomado/a en informática</td></tr> <tr><td>Xestor/a de documentación</td></tr> </table> <p style="text-align: center;"><i>(marcar só unha categoría)</i></p>		Técnico/a superior diplomado/a en informática	Xestor/a de documentación	2. DATA PUBLICACION ANUNCIO DOG:	3. SISTEMA DE ACCESO <input type="checkbox"/> LIBRE								
Técnico/a superior diplomado/a en informática													
Xestor/a de documentación													
4. GRAO DE DISCAPACIDADE -----%	5. RESERVA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE: SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/> 1.1	6.-TAXAS <table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 80%;"> <input type="checkbox"/> Importe dereitos de exame </td> <td style="width: 20%; text-align: right;"> <input style="width: 80%;" type="text" value="38,02 €"/> </td> </tr> <tr> <td><input type="checkbox"/> Exención de taxas discapacidade</td> <td></td> </tr> <tr> <td><input type="checkbox"/> Exención de taxas familia numerosa especial</td> <td></td> </tr> <tr> <td><input type="checkbox"/> Bonificación 50% familia numerosa xeral</td> <td></td> </tr> <tr> <td><input type="checkbox"/> Bonificación 50% desempregado</td> <td></td> </tr> </table>		<input type="checkbox"/> Importe dereitos de exame	<input style="width: 80%;" type="text" value="38,02 €"/>	<input type="checkbox"/> Exención de taxas discapacidade		<input type="checkbox"/> Exención de taxas familia numerosa especial		<input type="checkbox"/> Bonificación 50% familia numerosa xeral		<input type="checkbox"/> Bonificación 50% desempregado	
<input type="checkbox"/> Importe dereitos de exame	<input style="width: 80%;" type="text" value="38,02 €"/>												
<input type="checkbox"/> Exención de taxas discapacidade													
<input type="checkbox"/> Exención de taxas familia numerosa especial													
<input type="checkbox"/> Bonificación 50% familia numerosa xeral													
<input type="checkbox"/> Bonificación 50% desempregado													
7. NO CASO DE DISCAPACIDADE, ADAPTACIÓN QUE SOLICITA E MOTIVO:													

2 DATOS PERSOAIS

2.1. N.I.F./N.I.E.	2.2. PRIMEIRO APELIDO	2.3. SEGUNDO APELIDO	2.4. NOME
2.5. DATA DE NACEMENTO Día Mes Ano	2.6. LOCALIDADE DE NACEMENTO	2.7. PROVINCIA DE NACEMENTO	2.8. TELÉFONO/CORREO E.
2.9. ENDEREZO			2.10. CÓDIGO POSTAL
2.11. MUNICIPIO	2.12. PROVINCIA	2.13. NACIONALIDADE	

3 TÍTULOS ACADÉMICOS OFICIAIS

ESIXIDOS NA CONVOCATORIA

4 SERVIZOS PRESTADOS

SERVIZOS PRESTADOS NO CISUG/BUGALICIA:	SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>
SERVIZOS PRESTADOS NOUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS:	SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>

De proceder o reintegro de oficio dos dereitos de exame, transferiranse á seguinte conta:

CÓDIGO IBAN (imprescindible cubrir os 24 díxitos)					
<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>
NOME ENTIDADE BANCARIA				LOCALIDADE	

Se non figuraran estes datos, entenderase que renuncia á devolución dos dereitos de exame.

O/A abaixo asinante solicita ser admitido/a no proceso de estabilización extraordinaria a que se refire esta solicitude e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para o ingreso na función pública e especialmente os requisitos sinalados por esta convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

, de de 20 .
 (Sinatura)

Este formulario non é válido sen o selo ou impresión mecánica ou xustificante de pagamento da entidade bancaria.

Ingreso na conta número: ES51 2080 0388 2231 1000 3054. ENTIDADE: ABANCA

Presidente do CISUG

ANEXO IV

DECLARACIÓN RESPONSABLE

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS:

De conformidade co disposto no Regulamento UE 2016/679 Xeneral de Protección de Datos Persoais (RXP), a Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), remíteselle a seguinte información relativa á protección dos seus datos de carácter persoal:

Responsable: Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG). **Finalidade:** Tratamento de datos persoais vinculado ao proceso selectivo. **Lexitimación:** Consentimento da persoa interesada (art. 6.1.a do RXP), obrigación legal do Responsable (artigo 6.1,c do RXP) e o exercicio de poderes públicos conferidos ao Responsable (art. 6.1.e do RXP). **Conservación:** Os datos conservaranse ata que se cumpra a finalidade do tratamento e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da finalidade e do tratamento dos datos persoais. **Destinatarios:** No seu caso, outras Administracións Públicas con competencias na materia. **Transferencias Internacionais:** Non están previstas. **Dereitos:** O interesado pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade, así como retirar o seu consentimento en calquera momento, en Edificio Fontán, 1º andar Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n, 15707 Santiago de Compostela, A Coruña ou enviando un email a dpd@cisug.gal **Contacto Delegado de Protección de Datos:** dpd@cisug.gal

Para información adicional relativa á protección dos seus datos, por favor, consulte o seguinte enlace web:
<http://www.cisug.gal/proteccion-datos>

Autorización: Autorizo o tratamento dos datos proporcionados de acordo coa lexislación vixente

Declaración de datos persoais e de contacto

• Tipo de documento identidade	<input type="text"/>	• Número documento de identidade	<input type="text"/>
• Nome	<input type="text"/>	• Apelidos	<input type="text"/>
• Data de nacemento	<input type="text"/>	• País de nacionalidade	<input type="text"/>
		• Sexo	<input type="text"/>
• Enderezo	<input type="text"/>		• C. Postal
	<input type="text"/>	• Concello	<input type="text"/>
• Localidade	<input type="text"/>	• País	<input type="text"/>
• Provincia	<input type="text"/>		
• Teléfono	<input type="text"/>	• Correo-e	<input type="text"/>

O/A abaixo asinante solicita ser admitido/a ás probas selectivas a que se refire esta solicitude e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para o ingreso no emprego público e especialmente os requisitos sinalados por esta convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.